



Asemblea de  
Investigadoras  
de Compostela

## **A/A [Partidos Políticos]**

O 5 de novembro de 2020 o Tribunal Supremo facía pública a sentenza na que condenaba o persoal investigador a volver a un pasado máis precario anulando o ditame do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se obrigaba á USC a restituír o dereito á indemnización por extinción de contrato arrebatado ao colectivo en 2016.

Unha vez máis, a ambigüidade legislativa poñíase en contra da parte máis débil, negando un dereito laboral básico recollido no Estatuto dos Traballadores e incluso corrixindo, nun exercicio de anacronismo, a correcta interpretación feita anteriormente polo TSXG, quen concluíra na súa sentenza que o contrato formativo de ningún modo “se pode equiparar ao suscrito polos traballadores afectados polo conflito aínda cando se denomine predoutoral en formación. Este contrato unicamente cabe a través da normativa regulada no artigo 11, que en modo algún se cumpre co que agora se discute. A consecuencia de todo isto, é que os contratos dos demandantes teñen que cualificarse como temporais de obra ou servizo, e á súa finalización teñen dereito a percibir a indemnización establecida no artigo 49, 1, c) do Estatuto dos Traballadores”.

A sentenza do Tribunal Supremo demostra unha vez máis o maltrato continuo ao sector da investigación. O labor de investigación realizado polo persoal predoutoral sustenta a base científica de todo país. É un traballo de pleno dereito, no que se está producindo e contribuindo a incrementar o coñecemento. Un coñecemento que ademais se está transmitindo, valorizando e rendabilizando por parte da universidade, e que repercute directamente na mellora e o avance da sociedade e do país.

A ambigüidade da Lei da Ciencia, da que algunhas universidades se aproveitan, xa puido ser corrixida no Real Decreto do “Estatuto do Persoal Investigador Predoutoral en Formación (EPIPF)” en 2019, mais unha vez máis a constatación expresa do dereito á indemnización foi unha das cuestións cruciais que quedou fóra.

Por todo isto, a Asociación Asemblea de Investigadoras de Compostela **SOLICITA:**

A petición formal ao Goberno de España para a modificación da Lei 14/2011 ou do Real Decreto do EPIPF para que se recoñeza sen lugar a dúbidas o dereito a indemnización por fin de contrato nos contratos predoutorais.

# AIC

Asemblea de  
Investigadoras  
de Compostela

## A/A [Partidos Políticos]

El 5 de noviembre de 2020 el Tribunal Supremo hacía pública la sentencia en la que condenaba al personal investigador a volver a un pasado más precario anulando el dictamen del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en el que se obligaba a la USC a restituir el derecho a la indemnización por extinción de contrato arrebatado al colectivo en 2016.

Una vez más, la ambigüedad legislativa se ponía en contra de la parte más débil, negando un derecho laboral básico recogido en el Estatuto de los Trabajadores e incluso corrigiendo, en un ejercicio de anacronismo, la correcta interpretación hecha anteriormente por el TSXG, quien había concluido en su sentencia que el contrato formativo de ningún modo “se puede equiparar al suscrito por los trabajadores afectados por el conflicto aun cuando se denomine predoctoral en formación. Este contrato únicamente cabe a través de la normativa regulada en el artículo 11, que en modo alguno se cumple con el que ahora se discute. La consecuencia de todo ello, es que los contratos de los demandantes han de calificarse como temporales de obra o servicio, y a su finalización tienen derecho a percibir la indemnización establecida en el artículo 49, 1, c) del Estatuto de los Trabajadores”.

La sentencia del Tribunal Supremo demuestra una vez más el maltrato continuo al sector de la investigación. La labor de investigación realizada por el personal predoctoral sustenta la base científica de todo país. Es un trabajo de pleno derecho, en el que se está produciendo y contribuyendo a incrementar el conocimiento. Un conocimiento que además se está transmitiendo, valorizando y rentabilizando por parte de la universidad, y que repercute directamente en la mejora y el avance de la sociedad y del país.

La ambigüedad de la Ley de la Ciencia, de la que algunas universidades se aprovechan, ya pudo ser corregida en el Real Decreto del “Estatuto del Personal Investigador Predoctoral en Formación (EPIPF)” en 2019, pero una vez más la constatación expresa del derecho a la indemnización fue una de las cuestiones cruciales que se quedó fuera.

Por todo esto, la Asociación Asemblea de Investigadoras de Compostela **SOLICITA:**

La petición formal al Gobierno de España para la modificación de la Ley 14/2011 o del Real Decreto del EPIPF para que se reconozca sin lugar a dudas el derecho a indemnización por fin de contrato en los contratos predoctorales.